

O QUE PASABA EN 1993

NO MUNDO:

Os primeiros ministros de Gran Bretaña e Irlanda acordan ofrecer aos norirlandeses decidir o seu futuro.



Un grupo terrorista coloca unha bomba nas Torres Xemelgas de Nova York.

Entra en vigor o Tratado de Maastrich.


Hebreos e palestinos acordan a retirada israelí de Gaza e Xericó.

O presidente de Suráfrica e Nelson Mandela acordan as normas que rexirán as primeiras eleccións multirraciais do país.

Máis de 80 membros da secta davidiana suicídanse nunha granxa texana de Waco.

O 13 de setembro os israelís comprométese a outorgar a autonomía aos palestinos nos territorios ocupados e seguir un proceso negociador.

EN GALICIA:



O PP gaña de novo as eleccións ao parlamento galego e Fraga é elixido por segunda vez presidente da Xunta de Galicia.

O BNG pasa de 7 deputados a trece. O PSG-EG intégrase en Unidade Galega.

O sindicalismo nacionalista crea a CIG.

Xulio López Valcarcel publica o libro de poemas "Memoria de Agosto".

A Xunta establece un amplo dispositivo para facer de Santiago un centro de perigrinaxe e turismo. Xacobeo 93.

O día das letras é adicado a Eduardo Blanco Amor.

EN ESPAÑA:



O Banco de España intervéen Banesto e destitúe ao seu presidente, Mario Conde.


O director da Garda Civil, Luis Roldán, é acusado de enriquecemento ilícito.

Don Juan de Borbón, Conde de Barcelona, falece en Pamplona a causa dun cancro de farinxe.

O Papa Xoán Paulo II oficia en Madrid a misa máis multitudinaria da historia de España.

Cuarta victoria consecutiva do PSOE nas eleccións xerais.

EN ELVIÑA:



Curso 93-94

Cambios na Xunta Directiva;
Secretaria: M^a Carmen Viruet Caaveiro e
Vicesecretario: J. Ricardo Martín Fernández.

A revista "Xiada" do Centro chega ao nº 18 coa novidade da portada en cor.

Dentro da campaña de educación medioambiental convidase a vir ao Instituto en bici. Con este motivo inaugúrase o aparcamento de bicis diante do edificio.

Conferencia de Isaac Díaz Pardo que falou sobre o escritor e artista Luis Seoane.

Varios cursos asisten ao concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia no Palacio de Congressos

Durante uns días o noso instituto acolle a exposición "Picasso e a cidade da Coruña"

O noso Centro participa con varias formas de solidariedade con Bosnia Hercegovina, país en guerra:

- Nunha concentración solidaria nos xardíns de Méndez Núñez.
- Coa recollida de material para este pobo: abrigos, mantas e aceite.

- Conferencia dun escritor bosnio. Tamén un cantante desta nacionalidade actúa no Centro.

- Día Mundial da Paz: 154 alumnos colaboran escribindo unha carta na que expresan as súas ideas sobre a PAZ baixo o lema "unha luz para Bosnia"

